

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



TRABALLO DE FIN DE GRAO ENFERMARIA /PODOLOXIA

Curso académico 2015/2016

**Artrite reumatoide: comparación da efectividade do
tratamento con orteses plantares e o tratamento con
orteses e ultrasóns**

María Isabel Martínez Pérez

Xuño 2016

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

Tutor deste proxecto de investigación:

D. Óscar Miguel Álvarez-Calderón Iglesias

Profesor Colaborador do Departamento de Ciencias da Saúde

Facultade de Enfarmería e Podoloxía.

Universidade da Coruña.

Cotutora do proxecto:

Dña. María Martínez Vázquez

Agradecementos:

Ao tutor de este TFG, Óscar Álvarez-Calderón, polo apoio e dedicación prestada nestos últimos meses, respetando as miñas decisións e ideas e colaborando para melloralas.

Ao profesor D. José Luis Saleta, pola súa axuda no deseño estatístico do presente proxecto.

Á miña familia, Papá, Mamá, Alicia, por estar en cada momento, bo e malo, e porque gracias a vos estou donde estou, conseguindo soños e mantendo a ilusión por medrar como persoa e profesional.

Por último a cada persoa que formou parte desta aventura, compañeiros, profesores, amigos, que fixeron esto tan especial, convertindo Ferrol nun fogar para min.

ÍNDICE

1. Título do proxecto e resumo	Páx. 6
1.1 Título	Páx. 6
1.2 Resumo	Páx. 6
1.3 Resumen	Páx. 7
1.4 Abstract	Páx. 8
1.5 Palabras clave	Páx. 9
2. Antecedentes e estado actual do tema	Páx. 10
2.1 Estado actual do tema	Páx. 10
2.1.1 Definición	Páx. 10
2.1.2 Epidemioloxía	Páx. 10
2.1.3 Etiopatoxenia	Páx. 11
2.1.4 Diagnóstico	Páx. 11
2.1.5 Tratamento	Páx. 12
3. Bibliografía máis relevante	Páx. 15
4. Hipótese	Páx. 17
5. Obxectivo	Páx. 17
5.1 Obxectivo principal	Páx. 17
5.2 Obxectivo secundario	Páx. 17
6. Metodoloxía	Páx. 17
6.1 Búsqueda bibliográfica	Páx. 17
6.2 Tipo de estudo	Páx. 18
6.3 Poboación de estudo	Páx. 18
6.4 Período de estudo	Páx. 18
6.5 Tamaño de mostra	Páx. 18
6.6 Criterios de inclusión	Páx. 19
6.7 Criterios de exclusión	Páx. 19
6.8 Variables	Páx. 19

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

6.9 Instrumentos de recollida de datos e medidas	Páx. 20
6.10 Análise estatística	Páx. 22
6.11 Limitacións do estudo	Páx. 23
7. Plan de traballo	Páx. 23
7.1 Intervencións e medidas	Páx. 23
7.2 Cronograma	Páx. 25
8. Aspectos ético legais	Páx. 27
9. Plan de difusión dos resultados	Páx. 28
10. Financiamento da investigación	Páx. 29
10.1 Recursos necesarios	Páx. 29
10.1.1 Infraestrutura	Páx. 29
10.1.2 Recursos humanos	Páx. 29
10.1.3 Recursos materiais	Páx. 29
11. Abreviaturas	Páx. 31
12. Bibliografía	Páx. 32
13. Anexos	Páx. 35

1. Título do proxecto e resumo

1.1 Título

Artrite reumatoide: comparación da efectividade do tratamento con orteses plantares e o tratamento con orteses e ultrasóns.

Título: Artritis reumatoide: comparación de la efectividad del tratamiento con ortesis plantares y el tratamiento con ortesis y ultrasonidos.

Title: Rheumatoid arthritis: comparing the effectiveness of treatment whit foot orthoses and treatment with orthoses and ultrasound.

1.2 Resumo

A artrite reumatoide é unha enfermidade con tendencia a cronicidade, de afectación sistémica e autoinmune. A súa etioloxía é descoñecida pero sábese que os pacientes que a padecen están predispostos xenéticamente ademais de asociarse diversos factores ambientais.

Actualmente é un importante problema de saúde pública debido a que pode producir unha importante discapacidade nas persoas afectas, así como diminuír a súa esperanza de vida e supor un alto custo económico.

Os pacientes con artrite reumatoide teñen un elevado risco a sufrir afectación nos pés, que pode cursar con dor, deformidade ou incapacidade que dificulte unha vida normal.

O presente proxecto de investigación ten como obxectivo principal establecer se o tratamento con orteses plantares e ultrasóns é máis efectivo que a monoterapia con orteses plantares nunha mostra de pacientes con artrite reumatoide que acudan á Clínica Universitaria de Podoloxía.

Outros obxectivos son: valorar as patoloxías nos pés que presentan os paciente con artrite reumatoide, comprobar a efectividade das orteses plantares a medida e

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

establecer a eficacia do tratamento con ultrasóns en ditos pacientes, ademais de relacionar o sexo, idade, Índice de Masa Corporal (IMC), tratamento de base e anos de evolución da AR coa mellora á hora de aplicar os novos tratamentos. Por último farase unha valoración da funcionalidade específica dos pés a través do “Foot Function Index” realizado antes de comezar o tratamento e ao finalizar o mesmo para comparar os resultados e valorar se existe melloría.

Para isto deséñase un estudo experimental terapéutico , no que se incluírá unha mostra de 38 pacientes (n=38), con artrite reumatoide e que acoden a Clínica Universitaria de Podoloxía para tratar as afeccións dos pés. E estudarase como variable principal a melloría ou o empeoramento da funcionalidade dos pés despois do tratamento aplicado durante o estudo.

1.3 Resumen

La artritis reumatoide es una enfermedad con tendencia a la cronicidad, de afectación sistémica y autoinmune. Su etiología es desconocida pero se sabe que los pacientes que la padecen están predispuestos genéticamente además de asociarse diversos factores ambientales.

Actualmente es un importante problema de salud pública debido a que puede producir una importante discapacidad en las personas afectas, así como disminuir su esperanza de vida y suponer un alto coste económico.

Los pacientes con artritis reumatoide tienen un elevado riesgo a sufrir afectación en los pies, que puede cursar con dolor, deformidad o incapacidad que dificulte el desarrollo de una vida normal.

El presente proyecto de investigación tiene como objeto principal establecer si el tratamiento con ortesis plantares y ultrasonidos es más efectivo que la monoterapia con ortesis plantares en una muestra de pacientes con artritis reumatoide que acudan a la Clínica Universitaria de Podología.

Otros objetivos son: valorar las patologías en los pies que presentan los pacientes con artritis reumatoide, comprobar la efectividad de las ortesis plantares a medida y establecer la eficacia del tratamiento con ultrasonidos en dichos pacientes, además de relacionar el sexo, edad, Índice de Masa Corporal (IMC), tratamiento de base y

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

años de evolución de la AR con la mejora a la hora de aplicar los nuevos tratamientos. Por último se hará una valoración de la funcionalidad específica de los pies a través del "Foot Function Index" realizado antes de comenzar el tratamiento y al finalizar el mismo para comparar los resultados y valorar si existe mejoría.

Para esto se diseña un estudio experimental terapéutico, en el que se incluirá una muestra de 38 pacientes (n=38), con artritis reumatoide y que acuden a la Clínica Universitaria de Podología para tratar las afecciones de los pies. Y se estudiara como variable principal la mejoría o el empeoramiento de la funcionalidad de los pies después del tratamiento aplicado durante el estudio.

1.4 Abstract

Rheumatoid arthritis is a systemic and autoimmune disorder, which tends to chronicity. Its etiology is unknown but those patients who suffer the disease are genetically predisposed. Besides it's said to be related to different environmental factors.

At present it's a major public health problem because it can cause significant disability in affected individuals as well as decrease their life expectancy and cause a high economic cost.

Patients with rheumatoid arthritis have an increased risk to suffer injuries in the feet, which can present with pain, deformity or disability that hinders the development of a normal life.

The main objective of this research project is to establish whether treatment with plantar orthotics and ultrasound is more effective than monotherapy with plantar orthotics in a sample of patients with rheumatoid arthritis who are treated at the University Clinic of Podiatry.

Secondary objectives are to review the most frequent pathologies in feet in patients with rheumatoid arthritis, test the effectiveness of plantar orthotics and establish the efficacy of ultrasound in such patients, in addition to relate the sex, age, Body mass Index (BMI), base treatment and years of evolution of RA with the improvement in implementing the new treatment.

Finally we will assess the specific foot function through the "Foot Function Index" performed before treatment and at the end of it. We will compare the results and assess whether there is improvement or not.

For this, a Therapeutic experimental study is designed, in which a sample of 38 patients (n = 38) with rheumatoid arthritis will be included and treated at the University Clinic of Podiatry. The main statistical variable in this study will be the improvement or not in foot function after treatment applied during the study.

1.5 Palabras clave

Artrite Reumatoide (AR), Pé, Orteses, Ultrasóns.

2. Antecedentes e estado actual do tema

2.1. Estado actual do tema

2.1.1. Definición

A artrite reumatoide (AR) é unha enfermidade sistémica de natureza autoinmune e causa descoñecida que se caracteriza pola inflamación das articulacións e dos tecidos circundantes cunha distribución xeralmente simétrica e que tende á cronicidade, con períodos de exacerbación e remisión, e a evolucionar ata alcanzar deformación e destrución articular. Afecta tanto a articulacións grandes coma pequenas, coa característica de que respecta as interfalánxicas distais e a columna vertebral exceptuando a articulación atlanto-axoidea.

Dise que é unha enfermidade sistémica porque a súa evolución vai asociada a unha afectación extraarticular, que pode afectar a órganos como a pel ou os pulmóns e tamén á musculatura.

Pode provocar unha gran incapacidade do paciente e contribúe a diminuír a esperanza de vida. Ten un gran impacto na calidade de vida e supón un custo económico importante.

2.1.2. Epidemioloxía

A AR ten un predominio similar en todos os países afectando ao redor do 0'5-1 % da poboación xeral¹, aparecendo en dúas mulleres por cada home².

Segundo a SER (Sociedad Española de Reumatología) a artrite reumatoide pode aparecer a calquera idade, sendo máis probable entre os 45 e 55 anos. En España hai arredor de 200.000 persoas que padecen esta enfermidade e cada ano diagnóstícanse 20.000 casos máis³.

É unha enfermidade de importancia podolóxica debido a que co paso do tempo e coa evolución da enfermidade aproximadamente o 90% dos pacientes presentan

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

sintomatoloxía nos pes. Pero só un 16% dos pacientes con AR se acompañan de alteracións derivadas da enfermidade en dita zona á hora do seu diagnóstico ⁴.

Os problemas máis comúns derivados da AR e que se relacionan coa podoloxía son a anormalidade na marcha, luxación de articulación metatarsalánxicas, desprazamento da graxa plantar, deformidades dixitais, formación de bursa, desviación do retropé a valgo, aplanamento do arco lonxitudinal interno e incremento das presións plantares⁵.

2.1.3 Etiopatoxenia

A AR ten unha orixe descoñecida. Postulación: persoa con predisposición xenética e que recibe exposición de diversos factores ambientais.

Inicialmente hai un proceso de autoinmunidade que produce a aparición de autoanticorpos, hai edema e proliferación vascular. Segundo vai cronificando, as células sinoviais aparecen hiperplásicas e multiplicadas, ademais crease o pannus que é un tecido de granulación composto por fibroblastos, vasos sanguíneos e células inflamatorias que causan a destrución articular. Desta forma o óso atópase desprotexido e radiolóxicamente apreciarase osteoporose, erosión ósea, perda do espazo articular e aparición de quistes subcondrais.

2.1.4 Diagnóstico

Para o diagnóstico da AR é necesario combinar signos, sintomatoloxía, probas de laboratorio e probas de imaxe. Un diagnóstico nas fases iniciais da enfermidade será indispensable para un bo control da AR, a pesar da dificultade do mesmo.

Algunhas das probas de laboratorio que se realizan para o diagnóstico da artrite reumatoide son o análise do líquido sinovial, os reactantes de fase aguda, velocidade de segmentación (VSG) e factor reumatoideo (FR).

Nas probas de imaxe os achados máis comúns son a diminución do espazo articular, erosións óseas, gran destrución articular ou luxacións.

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

Para facilitar este proceso diagnóstico a EULAR (European League Against Rheumatism) e ACR (American College of Rheumatology) crearon uns criterios de clasificación para esta enfermidade, que foron renovados no ano 2010. O que buscan a partir desto é clasificar aos pacientes con artrite reumatoide en un breve período de tempo e comezar un tratamento precoz e coa maior efectividade posible⁶.

Segundo estes criterios é preciso ter sinovite en polo menos unha articulación e unha puntuación mínima de 6 puntos nos seguintes catro parámetros¹:

Número e lugar de afectación articular	0-5
Anormalidades serolóxicas	0-3
Elevación de reactantes de fase	0-1
Duración da sintomatoloxía	0-1

Táboa I: Parámetros de clasificación de AR, segundo Actualización de la Guía de Práctica Clínica para el manejo de la artritis reumatoide en España.

2.1.5 Tratamento

Para o tratamento da AR hai que valorar individualmente a cada paciente e así mesmo o estadio no que se atope a enfermidade e algunha situación complexa e illada que poida aparecer. O seu obxectivo principal é conseguir a remisión da enfermidade e, no caso de non conseguilo, tratar de diminuír a inflamación e a sintomatoloxía da AR. É importante a colaboración dun equipo multidisciplinar e a combinación de terapia farmacolóxica e non farmacolóxica^{2,7}.

O tratamento con antiinflamatorios non esteroideos (AINEs) e con corticoides son dentro do tratamento farmacolóxico o primeiro chanzo terapéutico⁸.

Os AINEs utilízanse para tratar síntomas da AR pero sen resultados na modificación da enfermidade en si. O uso dos AINEs será de elección en momentos específicos no que a sintomatoloxía se vexa agravada e independentemente dos tratamentos que o paciente tome de base.

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

Os corticoides en pacientes con artrite reumatoide utilízanse normalmente a doses baixas e durante os primeiros anos de evolución da enfermidade. Poden utilizarse como monoterapia ou en combinación con outros tratamentos por exemplo os Fármacos Modificadores da Enfermidade (FAME). Tratan síntomas como a dor e teñen un alto poder antiinflamatorio, ademais está demostrado que son capaces de reducir a erosión ósea e as lesións radiolóxicas⁹. Os pacientes que se traten con corticoides deberán estar controlados durante o período de tratamento e cando este remate baixar a dose gradualmente, evitando acabar de forma brusca^{1,2}.

Os FAME, reducen a sintomatoloxía, e ademais, retrasan ou evitan a evolución da artrite reumatoide e a dexeneración ósea. Pódense utilizar como monoterapia ou combinados con outros tratamentos xa mencionados. O comezo en cada paciente será individualizado, dependendo das características do mesmo e das situación illadas que poidan aparecer. O máis utilizado é o Metotrexato, pero tamén son comúns a Leflunomida, a Hidroxicloroquina ou a Salazopirina¹⁰.

Existen outro tipo de FAME que son os biolóxicos. Ao igual que os anteriores melloran a sintomatoloxía da AR e poden deter ou retrasar o proceso evolutivo da enfermidade, evitando a dexeneración ósea e os procesos inflamatorios. Son fármacos inhibidores do factor tumoral α , anti-TNF, tales como adalimumab, etanercept, infliximab, certolizumab pegol o golimumab¹¹.

A parte dos tratamentos farmacolóxicos existen outras liñas de terapia como son a física e a ortopodolóxica, as cales se valorarán coma os primeiros pasos a ter en conta para o tratamento da AR que presente afectación nos pés, e se combinarán cos fármacos necesarios en cada momento.

Este tipo de terapias poderanse combinar os fármacos axeitados para acadar resultados máis satisfactorios e de ser posible en menos tempo.

Dentro da terapia física inclúense os tratamentos levados a cabo polos profesionais en fisioterapia e podoloxía coma os estiramientos ou as vendaxes kinesio, sendo ámbolos dous tratamentos efectivos para a mellora da sintomatoloxía¹². Por outro lado, os ultrasóns, dos que hai escasa bibliografía que os relacione coa AR, pero que tamén se cren beneficiosos en combinación coa terapia farmacolóxica para a

mellora da sintomatoloxía derivada desta enfermidade, motivos polos cales este proxecto se centrará en este tipo de terapia.

Os ultrasóns son ondas sonoras de alta frecuencia que van dende os 0,8 Mhz aos 3 Mhz e que penetran no organismo. Utilízanse como terapia polo seu efecto mecánico e térmico. Mecanicamente produce vibracións que atravesan os tecidos que axudan a separar as fibras de coláxeno e a desfacer as adherencias. Por outro lado o efecto térmico axuda a que aumente a circulación sanguínea na zona o que aumenta os nutrientes que colaboran na recuperación da parte do organismo afectada. Debido a estas accións son utilizados tanto en patoloxías de partes brandas coma óseas^{13,14}.

Sobre a ortopodoloxía existe evidencia científica que afirma da efectividade que ten esta liña de tratamento na artrite reumatoide que desenvolve sintomatoloxía no pé, aliviando presións plantares e reducindo a dor^{15,16,17}. Este tipo de terapia tamén se desenrolará durante o presente traballo.

3. Bibliografía más relevante

- (1) Ortiz García A, Abad Hernández MA, Loza Santamaría E, Gobbo Montoya M, Rosario Lozano MP. Actualización de la Guía de Práctica Clínica para el manejo de la artritis reumatoide en España. España, 2011.
- (2) García- Sevillano L. Avances en artritis reumatoide. An. Real Acad. Farm. 2014 [acceso 20 de marzo de 2016]; 80 (1): [126-150]. Disponible en: <http://www.analesranf.com/index.php/aranf/article/view/1466>
- (3) Sociedad Española de Reumatología [sede Web]*. Madrid. [acceso 20 de marzo de 2016]. Disponible en: <http://www.ser.es/>
- (4) Walmsley S, Williams A.E, Ravey M, Graham A. The rheumatoid foot: a systematic literature review of patient-reported outcome measures. J Foot Ankle Res. 2010; 3: 12.
- (5) Nash W.J, Al-Nammari S, Khan W.S, Pengas I.P. Surgical Management of the Forefoot in Patients with Rheumatoid Arthritis. The Open Orthopaedics Journal. 2015; 9: 78-83
- (6) Gómez A. Nuevos criterios de clasificación de artritis reumatoide. Reumatol Clin.2011;6 Supl 3: 33-37
- (7) Pisetsky DS, Ward MM. Advances in the treatment of inflammatory arthritis. Best Pract Res Clin Rheumatol. 2012; 26(2): 251–61
- (8) González-Álvaro I, García-Vicuña R. Artritis reumatoide a día de hoy. Med Clin. Barcelona. 2015; [acceso 20 de marzo de 2016] Disponible en: <http://dx.doi.org/10.1016/j.medcli.2015.06.004>
- (9) García-Magallón B, Silva-Fernández L, Andreu-Sánchez J.L. Actualización del uso de los glucocorticoides en la artritis reumatoide. Reumatol Clin. 2013; 9 (5):297-302
- (10) Blanco F.J, Ballina J, Carbonell J, Martín-Mola E, Tornero J, Ramírez E, Galván J. Estudio descriptivo de la utilización de los FAMES en los pacientes con artritis reumatoide o artritis persistente que inician tratamiento farmacológico en España. Reumatol Clin. 2011; 7 (2): 88-93
- (11) González Álvarez A, Gómez Barrera M, Borrás Blasco J, Giner Serrer E.J. Adalimumab versus etanercept en el tratamiento de la artritis reumatoide: análisis coste-efectividad. Farm Hosp. 2013; 37(4):286-294

- (12) Gizińska M, Rutkowski R, Romanowski W, Lewandowski J, Straburzyńska-Lupa A. Effects of whole-body cryotherapy in comparison with other physical modalities used with kinesitherapy in rheumatoid arthritis. *Biomed Res Int* 2015; 21.
- (13) Rodríguez Sanz D, Sanz Corbalán I. Uso de Ultrasonidos en la patología del tendón del Tibial Posterior. *Revista Internacional de Ciencias Podológicas*. 2009; 3 (2): 45-50.
- (14) Díaz Borrego P, Fernández Torrico J.M. Ultrasonidos: actualización en patología musculoesquelética. *Rehabilitación*. Madrid. 2002; 36 (5): 303-308.
- (15) Yoon SW. Effect of the application of a metatarsal bar on pressure in the metatarsal bones of the foot. *Journal of Physical Therapy Science*. 2015; 27 (7):2143-2146.
- (16) Van der Leeden M, Fiedler K, Jonkman A, Dahmen R, Roorda L.D, Van Schaardenburg D, Dekker J. Factors predicting the outcome of customized foot orthoses in patients with rheumatoid arthritis: a prospective cohort study. *Journal of Foot and Ankle Research*. 2011; 4 (8)
- (17) Magalhaes E.P, Davtitt M, Filho D.J, Battistella L.R, Bértolo M.B. The effect of foot orthoses in rheumatoid arthritis. *Reumatology*. 2006; 45: 449-453

4. Hipótese

Os pacientes diagnosticados de artrite reumatoide teñen un alto risco de que a enfermidade afecte ás articulacións dos pes segundo esta vaia evolucionando. Espérase que o tratamento combinado de orteses plantares e ultrasóns sexa máis efectivo que a monoterapia con orteses para paliar a sintomatoloxía da AR nos pés.

5. Obxectivos

5.1. Obxectivo principal

Establecer se o tratamento con orteses plantares e ultrasóns é máis efectivo que o tratamento único con orteses plantares en pacientes con artrite reumatoide.

5.2. Obxectivos secundarios

- ❖ Valorar as patoloxías nos pés en pacientes con artrite reumatoide mediante a exploración física e o motivo de consulta.
- ❖ Comprobar a efectividade das orteses plantares a medida en pacientes con AR.
- ❖ Establecer a eficacia da terapia con ultrasóns nos pacientes con AR.
- ❖ Relacionar o sexo, idade, Índice de Masa Corporal (IMC), tratamento de base e anos de evolución da AR coa mellora á hora de aplicar os novos tratamentos.

6. Metodoloxía

6.1. Búsqueda bibliográfica

O proxecto de estudo de comparación de efectividade entre diferentes tratamentos físicos para a afectación nos pes da artrite reumatoide, comeza cunha procura bibliográfica da información máis relevante e necesaria para o desenvolvemento do mesmo.

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

A maior parte de referencias bibliográficas obtivéronse a partir dunha búsqueda informática nas principais bases de datos médicas, Pubmed, Medline, Dialnet, Scopus, Web of Science a través do buscador Google Académico e en Cochrane Library na cal non se atoparon revisións sistemáticas de valor para este proxecto de estudo.

Para a búsqueda utilizáronse diversas palabras clave: artritis reumatoide, ortesis, pie, tratamiento físico, FAME, ultrasonidos, rheumatoid arthritis, foot, orthosis, insole, physical treatment, ultrasound, foot orthosis.

Outra parte da búsqueda realizouse manualmente na Biblioteca Universitaria “Casa do Patín”, entre os libros e textos dispoñibles.

6.2. Tipo de estudo:

O presente traballo é un estudo experimental terapéutico.

6.3. Poboación de estudo

A poboación que se incorporará ao estudo serán todos aqueles pacientes que cumpran os criterios de inclusión e que acudan á Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) da Universidade da Coruña (UDC) para ser tratados de artrite reumatoide.

6.4. Período de estudo

Estímase un tempo de duración do estudo de 6 meses.

6.5. Tamaño mostra

Deséxase utilizar un tratamento para a artrite reumatoide consistente na combinación de orteses con ultrasóns e que consideramos que sería clinicamente eficaz se lograse unha diminución na escala Foot Function Index (FFI) de polo menos 20 puntos respecto ao tratamento máis habitual que consiste en unicamente en orteses. Por estudos previos sabemos que a desviación típica na escala FFI nos pacientes que reciben o tratamento habitual (solo orteses) é de 18,3 puntos. Acéptase un risco de 0,05 y deséxase unha potencia estatística do 90 % para

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

detectar diferenzas, se é que existen. Baixo estas consideracións, precísanse estudar 19 suxeitos en cada grupo (n= 38).

6.6. Criterios de inclusión

- ❖ Pacientes diagnosticados de artrite reumatoide.
- ❖ Pacientes con afectación e dor inflamatorio nos pés debido a AR.
- ❖ Pacientes capaces de colaborar co estudo realizando os tratamentos.
- ❖ Pacientes que comprendan o desenrolo do estudo e os obxectivos.

6.7. Criterios de exclusión

- ❖ Pacientes sen AR.
- ❖ Pacientes sen patoloxía nos pés.
- ❖ Pacientes que non teñan a capacidade de colaborar co estudo.
- ❖ Pacientes que non acepten participar.
- ❖ Pacientes con tratamento ortesiolóxico previo no último ano.

6.8. Variables

- ❖ Principal:
 - Melloría/Empeoramento da funcionalidade debido a AR nos pés despois do tratamento con orteses plantares ou despois de orteses plantares combinadas con ultrasóns a través do cuestionario Foot Function Index (FFI).

- ❖ Secundarias:
 - Sexo.
 - Idade.
 - Tratamento de base.
 - Anos de evolución da A.R.
 - Exploración física:
 - Peso (Kg).
 - Talla (Cm).
 - Índice de Masa Corporal, IMC (Kg/m²).

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

Presenza de patoloxía podolóxica.

Valor numérico do Foot Function Index.

6.9. Instrumentos de recollida de datos e de medida

Folla de recollida de datos(Anexo I): nela incluíranse todos os datos dos pacientes a estudo recollidos durante a exploración ademais dos antecedentes médicos de cada un.

Índice de Masa Corporal (IMC)^{18,19,20} : o IMC axuda a coñecer o estado nutricional dos pacientes e calcúlase dividindo o peso (Kg) entre a súa talla ao cadrado (m²).

Os datos de peso e altura recolleranse antes de comezar coa exploración dos pacientes.

Calcularase o IMC como resultado do cociente entre o peso (Kg) e a talla.

Procedemento:

1. Os datos de peso (Kg) e talla (m) son recollidos polo clínico durante a exploración física.
2. Calcúlase o IMC como resultado do cociente entre o peso (Kg) e a talla.
3. Os resultados interpretaranse segundo o seguinte índice¹⁹:
 - ❖ IMC < 18,5 Kg/m² : Baixo peso.
 - ❖ IMC 18,5 – 24,9 Kg/m²: Peso normal.
 - ❖ IMC >25 Kg/m²: Sobrepeso.

Foot Function Index (FFI)(Anexo II)^{16,20,21}: é un instrumento utilizado para medir o impacto de dor, discapacidade e limitación da actividade específicas do pé. O FFI foi desenvolvido no ano 1991 por Budiman-Mak, Conrad e Roach. Comezou sendo un instrumento de medida para os clínicos en diversas patoloxías do pé e do nocello ata converterse nunha valoración apta para nenos ,adultos e maiores con calquera tipo de patoloxía ou tratamento a nivel do pé. No ano 2006 levouse a cabo a primeira revisión sobre o FFI que concluíu con que este era un instrumento completamente válido para valorar a severidade dos problemas nos pés²². Foi validado ao castelán no ano 2013 por Paez –Moguer.

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

O FFI utilizado en este proxecto consta de 23 ítems a medir que se dividen en 3 sub-apartados que son a dor, que consta de 9 ítems, a discapacidade, tamén con 9 ítems, e a restrición da actividade, con 5 ítems.

Para a valoración dos pacientes en este proxecto utilizarase unha modificación que consiste en que a puntuación do cuestionario vai de 0 a 100, sendo 0 a puntuación máis baixa para os ítems (sen dor nin discapacidade) e 100 a máis alta (máxima dor e discapacidade), discapacidade e restrición da actividade¹⁶.

Para obter o resultado do cuestionario é preciso sumar todas as puntuacións dos ítems, dividilas polo valor máximo que se pode alcanzar e multiplicar ese dato por 100.

Procedemento:

1. O paciente debe coñecer o funcionamento do cuestionario FFI, polo que se explicará antes de comezar de forma detallada e resolverán todas as dúbidas que se poidan presentar podendo deixar algunha pregunta sen contestar.
2. O clínico encargarse da recollida de datos segundo vaia avanzando o cuestionario.
3. Unha vez rematadas as preguntas realizarase o cálculo para acadar o resultado final do Foot Function Index.
4. Para finalizar relaciónanse os valores máis altos con unha maior dor e perda da funcionalidade do pe.

Alteracións podolóxicas^{24,25,26,27}: Durante a exploración física farase un rexistro de todas as alteracións nos pés, como as deformidades dixitais, (Hallux valgus, dedos en garra...) as patoloxías dérmicas que se presenten nos pés do paciente (hiperqueratosis, helomas, micosis, xerosis...)..., para que quede constancia das afeccións do paciente e do que pode mellorar o tratamento.

Deformidades:

- Hallux Valgus : subluxación da primeira articulación metatarsofalánxica con desviación lateral do primeiro dedo, desviación medial do primeiro

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

metatarsiano con dorsiflexión e inversión e frecuentemente asociado a prominencia medial e dorsal da cabeza do primeiro metatarsiano.

- Síndrome de predislocación: desviación medial ou lateral do eixe lonxitudinal da falanxe proximal en relación co eixe lonxitudinal do metatarsiano.
- Dedos martelo: deformidade dixital que ocorre no plano saxital na que a falanxe proximal atópase en DF (dorsiflexión) e a falanxe media en PF (plantarflexión). A falanxe distal xeralmente atópase neutra ou en extensión.
- Dedos en garra: deformidade na que as falanxes media e distal se atopan en PF e a falanxe proximal se atopa marcadamente en DF.

Dermatopatías²⁸:

- Hiperqueratosis: aumento do grosor da capa córnea da pel.
- Helomas: engrosamento circunscrito, duro e de forma cónica, cos bordes limitados e definidos.

6.10. Análise estatística

Realizarase inicialmente unha análise descritiva das variables incluídas no estudo. As variables cualitativas presentaranse cos seus valores absolutos e porcentaxes, mentres que das variables cuantitativas se mostrará a media, mediana, desviación típica, valores máximos, mínimos e quartís.

Para a comparación de dúas medias realizarase unha t de student ou test de Mann-Whitney, segundo proceda previa comprobación do suposto de normalidade co test de Kolmogorov Smirnov. Para a comparación de variables cuantitativas determinarase o coeficiente Rho de Spearman.

Finalmente, para determinar se o tratamento combinado (orteses + ultrasóns) mellora a dor, axustarase mediante unha análise multivariante de regresión múltiple con aquelas variables que no análise univariante mostrasen unha relación coa diminución da dolor.

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

O análise dos datos será levado a cabo polo programa estatístico IBM SPSS Statistics 19 para Windows.

6.11. Limitacións do estudo

A principal limitación do estudo é un reducido tamaño de mostra (38 suxeitos). Para lograr uns resultados máis pretos á realidade e con unha marxe de erro menor sería necesario ampliar a poboación de estudo.

A ausencia de estudos a cerca da terapia da AR con ultrasóns pode ser unha segunda limitación debido a posibilidade de confusión e á imposibilidade de contrastar datos.

7. Plan de traballo

7.1. Intervencións e medidas

Como medida principal para levar a cabo este proxecto en forma de estudo é preciso solicitar a avaliación do estudo ao Comité Autonómico de Ética e Investigación de Galicia (CAEIG), encargado de validar o proceso, presentando a solicitude de avaliación firmada polo promotor ou persoa que delegue (Anexo III), o protocolo de investigación (Anexo IV), o compromiso orixinal (Anexo V), currículo vitae e documento do consentimento informado (Anexo VI).

Os pacientes participantes no estudo deberán firmar un consentimento informado no cal se lles informa de todo o procedemento, como mínimo 48 horas antes da realización do estudo.

A división dos pacientes en dous grupos farase de xeito aleatorio, xa que todos eles teñen artrite reumatoide e ese é o parámetro do que queremos coñecer a melloría. Nomearanse como “Grupo A” ao que unicamente se lle realiza tratamento con orteses plantares a medida, e “Grupo B” os que recibirán o tratamento combinado de orteses a medida máis ultrasóns.

AR: comparación da efectividade entre diferentes tratamentos.

Por outra parte o Grupo A recibirá tratamento placebo con ultrasóns para evitar variacións de carácter psicolóxico.

O día citado para o estudo o paciente deberá acudir á Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) situada no Hospital Naval de Ferrol á hora indicada.

Antes de comezar coa exploración física e as preguntas do FFI, realizarase unha anamnese completando todos os datos de interese do paciente, antecedentes médicos e podolóxicos, tratamentos actuais, e os datos socio-dermográficos.

A continuación procederase a tallar e pesar ao paciente e de seguido á exploración física e anotación das alteracións que poida presentar.

Unha vez finalizada a exploración pasarase o cuestionario do Foot Function Index que se realizará xunto co paciente para resolución de dúbidas e para presentar a axuda precisa en todo momento.

Rexistraranse os datos deste primeiro cuestionario e pasarase a pautar o tratamento correspondente a cada grupo de pacientes.

Para as orteses plantares a medida tomaranse os moldes en espuma fenólica ou venda de escaiola, dependendo das características de cada un. Será un tratamento individualizado axustado ás necesidades de cada paciente, tanto os materiais coma os elementos do soporte plantar.

Por outro lado, os ultrasóns aplicaranse unha vez por semana. A intensidade utilizada será de $0'5 \text{ W/cm}^2$, xa que a AR é un proceso que tende á cronicidade e ademais se aplica preto de tecido óseo. A duración de cada sesión será de 20 minutos.

